



PROGRAMA DE GOBERNO PARA RIBADEO

mandato 2023 - 2027



Presentámonos de novo ante vostedes, veciñas e veciños de Ribadeo, para render contas e solicitarlles o seu apoio e confianza para emprendermos novos proxectos. Nos últimos catro anos Ribadeo experimentou un cambio positivo, mais sabemos que aínda queda moito traballo por facer. Cremos en Ribadeo, nas súas posibilidades e na súa xente, porque para nós o máis importante son as persoas, a igualdade de oportunidades e a mellora da súa calidade de vida.

Con Fernando Suárez Barcia á cabeza, conformamos un goberno referente en moitos ámbitos a nivel comarcal. Fiel á súa maneira de entender a política, deu, de xeito exemplar, o relevo na dirección deste equipo.



Agora, con Pablo Vizoso Galdo como candidato á alcaldía de Ribadeo, presentámonos como un equipo serio, fiable, solvente e responsable. Seguimos crendo firmemente no respecto polos cidadáns, no traballo conxunto na defensa dos intereses de Ribadeo e no diálogo permanente coa sociedade. Á experiencia acumulada ao longo destes anos sumamos a determinación das novas incorporacións, o noso compromiso no goberno e na xestión das institucións, e a nosa capacidade de renovación. Configuramos así un novo equipo no que se combina experiencia, afouteza e capacidade de traballo. Tras estes anos tan difíciles e que tanto nos puxeron a proba, procede agora dispoñernos a desenvolver novos proxectos que marquen o comezo do Ribadeo da próxima década.

Velaquí o noso programa de goberno que poñemos á súa disposición.



O noso concello goza de boa saúde financeira e presenta unhas **contas saneadas e solventes** que nos permiten **impulsar novos proxectos**, noutros momentos impensables.

Benestar Social



**SERVIZOS
SOCIAIS E SAÚDE**



Despois de moito traballo, e tras superar moitos atrancos, imos proceder á **reforma integral do Hospital Asilo**, dotando así Ribadeo de 90 prazas de xestión pública para persoas maiores.

Continuaremos co programa de **envellecemento activo e formativo**. A través del lograremos unha maior socialización e actividade comunitaria beneficiosa para a saúde.

Potenciaremos a **actividade e participación** das persoas usuarias do Centro de Atención a Maiores e do programa "As parroquias en marcha" nas diferentes actividades culturais, lúdicas e deportivas que organice o Concello.

Seguiremos mantendo e mellorando os **servizos de proximidade**: axuda no fogar, xantar na casa, teleasistencia, préstamo de material ortoprotésico.... Queremos que quen desexe permanecer no seu fogar poida seguir nel, dispoñendo da atención axeitada.

As familias en situación de vulnerabilidade contarán co noso apoio, incrementando recursos no **sistema de axuda**: reparto de alimentos, plans de apoio á acción educativa, etc.

Coordinaremos esforzos coas institucións educativas para levar adiante o programa de **prevención de drogo-dependencias** e outras condutas aditivas.

Para que se poida prestar unha boa atención sanitaria, demandaremos da Xunta de Galicia que cubra as **necesidades de persoal do centro de saúde**. Nas responsabilidades que ten a man o Concello de Ribadeo, cumprimos: imos entregar os terreos necesarios para a construción dun novo centro de saúde. Agora ben: hai que dotalo do persoal e medios técnicos necesarios.





IGUALDADE

Traballaremos para garantir unha asistencia o máis integral e coordinada posible nas súas vertentes sanitaria, educativa, policial, xudicial e social aplicando o **II Protocolo Local de Prevención, Detección e Atención ás Vítimas de Violencia de Xénero**.

Reforzaremos a **actividade do Centro de Información á Muller** a fin de seguir mellorando os servizos do Concello en materia de igualdade.

Manteremos a **colaboración** cos distintos **organismos** que abordan a violencia machista (centros educativos, centro de saúde, Garda Civil), ao abeiro do Consello da Muller e da Mesa Local Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Elaboraremos e aprobaremos o **IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes** para continuar co desenvolvemento de políticas públicas en materia de igualdade.

Fomentaremos a transversalidade de xénero, implementando plans en materia de conciliación e corresponsabilidade. Seguiremos subvencionando a estadia das crianzas nas ludotecas radicadas no Concello de Ribadeo para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, con atención especial ás familias con poucos recursos.

Implantaremos **protocolos** de transversalidade e igualdade no Concello.

Continuaremos a desenvolver **actividades de lecer** que reforcen a autonomía e a sororidade das mulleres (viaxes, charlas e obradoiros de autocoidado, etc.).

Ribadeo seguirá a ser un **referente** na aplicación de políticas de igualdade e na abordaxe integral da violencia machista.



CULTURA

Procederemos á rehabilitación do **Forte de San Damián** para facer del un espazo cultural permanente, celebrando os **400 anos** da súa construción cunha programación específica no ano 2024.

Rehabilitaremos a vella estación do **Tren Mineiro** para darlle un uso cultural.

Continuaremos a desenvolver os programas **O Concello cos coles** e **Apego**.

Seguiremos levando a cabo o programa **Cultura nas parroquias**.

A nosa **axenda cultural** seguirá a ser un referente a nivel comarcal e un elemento chave na dinamización social e económica do noso concello. Ademais, a través desta actuación defenderemos e poñeremos en valor os nosos sinais de identidade, nomeadamente a lingua galega.

Manteremos **Ribadeo** nos diferentes **circuitos culturais** do teatro, da danza, da música e do audiovisual.

Habilitaremos **espazos** para **uso público** (loais de ensaio, lugares de reunión...) e potenciaremos o uso da Rede de Locais Municipais para desenvolver neles actividade cultural. Tamén seguiremos apoiando as asociacións e colectivos culturais.

A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, a Banda de Música Municipal de Ribadeo e a Coral Polifónica de Ribadeo contarán co noso apoio decidido para que poidan seguir desenvolvendo a súa actividade.

A Biblioteca El Viejo Pancho seguirá a **promover a lectura**, nomeadamente no mundo infantil.





MOCIDADE

Ofertaremos **vivendas de alugueiro** para a mocidade reconstruíndo as casas de Cabanela que adquiriu o Concello.

Daremos un novo pulo ás iniciativas que dean a coñecer a **capacidade creativa** das nosas mozas e mozos ben a través de iniciativas propias (Vendaval Fest, Pancha Festival, Xara Fest, representacións teatrais, danza, etc.), ben promovendo a súa participación en eventos fóra do Concello (Youtubeiros, Alingua, etc.).

Aproveitando as novas instalacións (**pista multideporte**) potenciaremos a realización de actividades deportivas, de tempo libre e ocio alternativo.

Seguiremos mantendo as vías de axuda para aqueles mozos e mozas que poidan precisar do noso apoio mediante os **bonos-axuda** que lles faciliten o acceso á formación non regulada, actividade deportiva, eventos culturais, etc.

Continuaremos desenvolvendo os programas de formación en **igualdade** entre mozos e mozas, ademais de actividades que promovan a **educación afectivo-sexual** e o **respeto ao diferente**. Seguiremos a manter unha colaboración continuada cos centros educativos e o asociacionismo de base.

Apostamos polas nenas/os e adolescentes como axentes de cambio na vila, facéndoos partícipes da mesma, a través da creación dun **Consello de Participación Infantil e Xuvenil**. Un órgano consultivo que se reunirá e organizará de forma periódica e que ten como fin artellar esta participación, dotándoos dun espazo no que poidan **expresar, debater e expor propostas** sobre aquelas cuestións que lles afectan para trasladalas á corporación local e ás distintas concellarías.



DEPORTE

Promoveremos a construción dunha **gran área deportiva polivalente** (campo sintético, xogos tradicionais, zona verde e un estacionamento) entre a Avenida de Galiza, rúa Pintor Fierros e zona escolar e polideportiva.

Continuaremos o programa de recuperación de diversas sendas, tanto na costa como nas parroquias do interior, para fomentar a actividade física e deportiva.

Seguiremos promovendo o deporte base a través das Escolas Deportivas (de verán e inverno) engadindo novas modalidades.

Potenciaremos a incorporación de **nenas, mozas e mulleres** á práctica deportiva.

A celebración de eventos deportivos que fan de Ribadeo un referente vai seguir sendo unha aposta decidida do Concello de Ribadeo.



Fomento da actividade económica



PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO

Desenvolveremos o **Plan Especial das Catedrais** seguindo criterios sustentables e coa firme intención de que os seus beneficios repercutan en todo o concello.

Potenciaremos o **Portal de Emprego** xa creado para que as persoas desempregadas poidan optar máis facilmente ás ofertas de traballo na nosa contorna. **Fomos o concello da Mariña no que máis baixou o paro nos últimos anos.** Promoveremos os nosos produtos locais en estreita relación coa actividade hosteieira e turística, así como a potenciación da **instalación de novas empresas** no noso concello.

Promoveremos que o SEPES (MITMA) **baixe** de novo o **prezo das parcelas** do Polígono Industrial de Ribadeo. Seguiremos colaborando coas empresas e asociacións que aporten talento e innovación para espertar así o seu interese por instalarse en Ribadeo.

Seguiremos tecendo unha sólida **rede colaborativa** entre os diferentes sectores económicos para consolidar Ribadeo como lugar de asentamento dunha actividade comercial diversa e de calidade (EoAlimenta, Ribadeo Circular...)

Habilitaremos un **local de usos múltiples** para que os distintos colectivos empresariais (e tamén outras asociacións) poidan desenvolver nel tanto reunións internas como actos públicos.

Seguiremos facendo de Ribadeo un referente comercial. O comercio local e de proximidade vai seguir sendo unha aposta firme do Concello de Ribadeo. **A Pancha continuará sendo a nosa moeda local.** E continuaremos reforzando a colaboración institucional entre o Concello e Acisa e os distintos axentes económicos.

Despois de ter acometido reformas importantes da **Praza de Abastos**, impulsaremos a seguinte fase de modernización da mesma, para reforzala como mercado de proximidade e de calidade.



TURISMO

Seguiremos traballando por unha **actividade turística desestacionalizada**. Xa demostramos que é posible recibir visitantes en todas as épocas do ano grazas á creación de diferentes programas e paquetes turísticos.

Impulsaremos **eventos** como o Ribadeo Ilustrado, Mareas Vivas, O Renacer no Cantil e, por suposto, o Ribadeo Indiano, que nos sitúa como un referente internacional.

Seguiremos coordinando as distintas áreas do Concello para logramos que Ribadeo continúe acollendo **eventos** de todo tipo (deportivos, culturais, profesionais...).

Continuaremos a desenvolver o traballo de **promoción turística** xa iniciado con axencias, receptores e operadores turísticos, que tan bos resultados está a dar.

Reforzaremos a **rede de rutas** creadas nestes anos para gozar dun entorno saudable e dunha natureza plena.

En colaboración co Xacobeo seguiremos a promover o **Camiño de Santiago** e colaboraremos na difusión do **Camiño do Mar**.



Infraestruturas e servizos xerais



INFRAESTRUTURAS

Ademais das novas infraestruturas xa mencionadas nas distintas áreas, continuaremos transformando Ribadeo coa **renovación de rúas** e espazos públicos urbanos.

Poñeremos todo o noso empeño en materializar o **acceso norte** a Ribadeo (desde a rotonda dos Galos até a vella estación do tren de Vilaoudriz) e na construción dos accesos desde a estrada da Deputación á circunvalación, e tamén desde a autovía á rotonda dos Galos.



MEDIO RURAL

Temos como obxectivo reducir a fenda entre as parroquias e a vila. Moitos dos puntos deste programa están destinados a tal fin: aglomerado asfáltico e mantemento da rede viaria, ampliación da rede de sumidoiros, Rede de Locais Municipais, apeadeiros de carga e descarga de madeira, fomento da actividade agrícola e gandeira local, conexión dixital, envellecemento activo, sendas, cultura nas parroquias, plan de formación rural... Contribuímos deste xeito á fixación da poboación no rural.

Continuaremos coa **mellora da nosa rede viaria** de acceso a núcleos rurais co sistema de aglomerado asfáltico en coordinación e diálogo permanente coas asociacións de veciños/as.

Seguiremos ampliando a rede de saneamento de núcleos rurais.

Remataremos a reforma e acondicionamento da Rede de Locais Municipais.

Habilitaremos apeadeiros de madeira aproveitando vaganíis e chegando a acordos de alugueiro de faixas de protección de incendios, debidamente regulados.

Desenvolveremos o programa de mantemento da nosa rede viaria (desbroce das pistas, limpeza das gabias...).

Seguiremos apostando pola colaboración entre administracións públicas, cooperativas agrarias, sociedades, etc., para proseguir co desenvolvemento de **actividades informativas e formativas** que resulten de interese para o medio rural.

Continuaremos negociando coa Xunta e a Deputación o arranxo e mantemento da súa rede viaria.

Propoñeremos ás empresas tecnolóxicas a mellora da conectividade dixital.





MEDIO AMBIENTE

Continuaremos coa **licitación do ciclo da auga** para que os usuarios e usuarias vexan mellorados o subministro, a eficiencia e calidade da auga. E tamén seguiremos esixindo da Xunta de Galicia a súa colaboración na renovación da condución principal desde Vilarbetote (Trabada).

Continuaremos realizando melloras e a ampliación da rede de saneamento.

Seguiremos coas medidas de control implantadas con éxito na campaña "Colonias felinas". **Crearemos un parque canino.**

Facilitaremos a correcta implantación da xestión do colector marrón ou orgánico.

Realizaremos **campañas de concienciación cidadá** en torno ao coidado do medioambiente. Ao respecto, seguiremos colaborando cos centros educativos e asociacións de base para facer da nosa vila e parroquias un lugar máis habitable (uso apropiado dos contedores, evitar os excrementos de mascotas na rúa...). E tamén insistiremos na necesaria erradicación de especies foráneas e invasoras que alteran o equilibrio do noso medio ambiente, coma o "plumeiro da Pampa".

Desenvolveremos actuacións conducentes á **redución progresiva do uso de plásticos** no ámbito comercial.

Seguiremos traballando no coidado das praias e sendeiros co obxectivo de manter e ampliar os diferentes galardóns e recoñecementos medioambientais (bandeiras azuis, Q de calidade ...).

Ampliaremos a capacidade do cemiterio municipal coa construción de novos nichos e columbarios.



SEGURIDADE VIARIA E CIDADÁ

Seguindo coa liña de traballo xa iniciada, **crearemos novas prazas de aparcamento** permanentes para promover un Ribadeo no que tod@s nos sintamos cómodos paseando polas nosas rúas.

Promoveremos a colaboración con outras administracións, forzas e corpos de seguridade, participando na Xunta Local de Seguridade co firme obxectivo de lograr que a presenza da Policía Local se adecúe á realidade cada vez máis dinámica que nos toca vivir.

Foron varias as consultas electorais nas que vostedes, logo de darnos a súa confianza, puideron sacar conclusións do grao de seriedade e cumprimento do noso programa. Procuramos expoñer ideas realizables, solventes, que marquen o futuro de Ribadeo e nos ilusionen a todos e todas nós para, entre toda a veciñanza, sacarmos adiante este novo proxecto. Temos que lograr que Ribadeo siga avanzando e transformándose de forma equilibrada, con máis servizos sociais, públicos e de calidade. Entre todos e todas nós imos facer o Ribadeo que está por vir. Co seu voto, será posible.



1. PABLO VIZOSO GALDO



2. MÓNICA FREIRE RANCAÑO



3. VICENTE CASTRO REIGOSA



4. JORGE DÍAZ FREIJE



**5. MARÍA PILAR
OTERO CABARCOS**



**6. MARCOS ANTONIO
VILLAMIL MARTÍNEZ**



7. MARTÍN GRAÑA PÉREZ



**8. RAQUEL
FERREIRA ÁLVAREZ**



9. LUCÍA BALEA VÁZQUEZ



**10. PEDRO
FERNÁNDEZ VILLAMIL**



11. PATRICIA DÍAZ LÓPEZ



12. VANESA YANES RIVAS



**13. XOSÉ FARRUCO
GRAÑA RAMA**



S1. MARÍA NOVO FERNÁNDEZ



S2. DAVID RIVAS PEÑA



S3. EVA IGLESIAS LÓPEZ



**S4. XOAN ANTÓN
MONASTERIO LÓPEZ**



S5. OLIVIA REY SOTO



S6. JOSÉ ROCHA FERNÁNDEZ



**S7. MARÍA ÁNGELES
FUENTE VERDEAL**



S8. ÓSCAR CHAO PENABAD



S9. PAZ ERMIDA IGREXAS



S10. FERNANDO SUÁREZ BARCIA